




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Malpica de Bergantiños. Parroquias: San Pedro de Barizo e Santiago de Mens no extremo sur. Extensión: 1,52 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Pequena unidade de enseada na que se presentan grandes contrastes topográficos entre a parte central deprimida, o sector acantilado norte e o macizo granítico ao sur (fóra da unidade). O sector central deprimido presenta a desembocadura do regato de Barizo, área que puido ficar illada dende o punto de vista hidrolóxico por un movemento tectónico que debuxa a orientación do seo costeiro. En todo caso, pertence a unha chaira costeira bastante horizontal e que se prolonga cara ao prelitoral. A parte norte está formada por un pequeno conxunto granítico en península, con escasa altitude (69 m) e unha vertente de escasa pendente sobre cantís moi tendidos. Nestes a plataforma ten unha continuidade no continente, o que parece indicar que, no seu tempo, esta parte estivo invadida polo mar formando hoxe unha pequena rasa.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A metade NO está labrada nun granito herciniano tipo Laxe, de dúas micas, de gran medio a grosso e lixeiramente orientado. A metade sueste inclúese no dominio periférico do macizo de Ordes, con xistos e metaareíscas precámbrico-silúricas. Nesta segunda unidade litolóxica aparecen enclaves de diferentes tamaños do granito herciniano. As dúas metades principais descritas están separadas por unha banda central de ortogneis glandular preherciniana. Cuaternario na praia de Barizo.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático cálido e subhúmido con valores medios de temperatura superiores a 14 °C no ano e precipitación media anual acumulada de entre 1000 mm e 1200 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5 °C e 13,5 °C. No monte Asalo rexístranse valores medios de precipitación que poden acadar os 1400 mm, sendo ademais as temperaturas lixeiramente máis frescas, polo que nesa zona se define a variante húmida do dominio climático da unidade.

#### OS SOLOS

A meirande parte da unidade conta cun fluvisol háptico, malia que nos cantís do oeste e na vertente do suroeste (alifamento monte Asalo-monte Nariga) aparecen cambisoles dístricos por mor dunha menor evolución edafolóxica.


#### AS AUGAS

Unidade fundamentalmente acantilada na que a hidrografía se limita a pequenas valgadas de escaso desenvolvemento continental, agás o regato que desemboca na praia de Barizo, bañada polas augas costeiras 20099, ao leste de punta Nariga.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Monte da Ínsua e sector costeiro no LIC Costa da Morte e toda a unidade situada dentro da zona importante para as aves (IBA) Costa da Morte. Fronte acantilada e areenta, co hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos, e o 1140 Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertas de auga na baixamar. Plataformas rochosas e praias de coiros no hábitat 1210 Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Dunas incipientes do complexo sedimentario con hábitats do grupo 21 Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico. Tramos do monte da Ínsua nos hábitats 4030 Breixeiras secas europeas e 4040 Breixeiras secas atlánticas costeiras con Erica vagans. Terreos chairos continentais con áreas hidromorfas no hábitat 6420 Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino. Mouteiras de frondosas de recolonización ao NO de San Pedro de Barizo.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O aproveitamento agrícola ocupa a meirande parte da unidade, xa que as características topográficas resultan favorables para o desenvolvemento deste tipo de actividades que se concéntranse, sobre todo, arredor do núcleo rural de Barizo. Nos espazos máis expostos á acción mariña, coma no caso da punta dominada polo monte da Ínsua, no extremo oriental, son abondosas as coberturas asociadas a formacións vexetais costeiras de forma redondeada e adaptadas á elevada salinidade ambiental. Pola contra, nos espazos interiores de máis pendente, nos contrafortes de monte Nariga, predominan as matogueiras de substitución que ocupan antigos campos de cultivo. O espazo construído céntrase no lugar de Barizo, situado na parte meridional da unidade arredor do cal aparecen monocultivos forestais e unha pequena carballeira. Tamén existen edificacións dispersas de vivenda unifamiliar illada no contorno e acceso á praia de Barizo.

#### MORFOLOXÍA

A forma dos campos responde á tipoloxía do minifundio galego caracterizado polo pequeno tamaño das parcelas separadas entre si por sebes naturais ou en agras abertas. O núcleo de Barizo (considerado núcleo de identidade do litoral) presenta unha morfoloxía compacta, formada por vivendas de dúas plantas, cunha pequena parcela anexa ou, ás veces sen ela, coas edificacións directamente apegadas. A anexión de novas vivendas ao emprazamento orixinal non altera a súa morfoloxía orixinaria xa que se integran perfectamente na paisaxe rural. No entanto, a excepción aparece ao norte do núcleo e xa case na unidade contigua, onde a aparición de construcións máis recentes na estrada de acceso ao areal de Esteiro modifica a estrutura básica dos asentamentos, que pasa de ser concentrada a lineal. A presenza de novas edificacións dispersas altera a estrutura tradicional de ocupación do solo (baseada en aldeas que concentraban a edificación), que se substitúe por unha ocupación difusa orientada cara á costa e arredor das vías de comunicación.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria da unidade estrutúrase a partir da AC-4307, que discorre a carón do núcleo de Barizo. A partir desta estrada, unha serie de camiños rurais, aptos para o tránsito de vehículos a motor, recorren o espazo costeiro facilitando os desprazamentos entre a costa e o interior. A meirande parte destas vías son de carácter agrícola e evolucionan a partir de pistas de terra para o acceso dende o núcleo rural aos campos de cultivo adxacentes.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Nas ladeiras do monte Nariga aparecen os restos de antigos túmulos, nome que recibe o montón de terra e pedras erguido sobre unha tumba ou varias e que se remonta ás Idades de Pedra e de Bronce. A aparición dos túmulos está relacionada cunha forma de reivindicación de dereitos sobre as terras nas que se situaban. Canto menos visibles dende lonxe eran os asentamentos (neste caso o castro de Barizo), máis visibles se facían os túmulos, co fin de indicar que o territorio estaba ocupado. O patrimonio civil e relixioso está formado por cruceiros, hórreos e casas singulares repartidas por un núcleo rural onde salienta a igrexa parroquial de San Pedro de Barizo. No extremo noroccidental da unidade aparecen os restos dunha antiga ceteria destinada á cría e engorde de peixes e mariscos dun xeito tradicional.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Os modos de vida asociados ao núcleo de Barizo, fermoso enclave onde convive a tradición da aldea galega coa modernidade propia deste século, manteñen os valores propios dos núcleos tradicionais con casas de pedra e congostras que atravesan o tecido urbano sinalizado con cruceiros de pedra de gran beleza. A forma do parcelario e o seu aproveitamento contribúen a remarcar este carácter rural intrínseco a este punto da mariña bergantiñá. O litoral acolle o areal Barizo aproveitando un entrante natural denominado enseada de Barizo. O grande atractivo turístico deste enclave é a causa de que os novos asentamentos se sitúen preto da praia co fin de poder gozar dos recursos e admirar a paisaxe que se contempla dende a costa.

### DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución da paisaxe está relacionada co abandono daqueles espazos cultivados situados nos lugares menos favorables para as actividades agrícolas e que agora están dedicados a outras actividades, como pode ser un uso forestal produtivo ou, noutros casos, un uso residencial. A morfoloxía urbana do núcleo de Barizo sofre poucas transformacións respecto á súa forma orixinal. No entanto, o cambio máis significativo respecto ás edificacións prodúcese na súa situación espacial. As novas vivendas esparéxense aleatoriamente pola unidade aproveitando terreos baldíos impulsadas pola mellora nas condicións da rede viaria interior. Apréciase unha evolución dende unha tipoloxía de asentamentos concentrados cara a unha estrutura de carácter difuso que, partindo dos asentamentos orixinais, oriéntase cara á costa.


### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

As alteracións sufridas pola evolución natural da paisaxe nos últimos anos non afectan de xeito significativo as características da unidade, que segue a manter o seu carácter netamente rural. Esta caracterización agraria ten a súa expresión no asentamento de Barizo e na forma e aproveitamento do espazo cultivado do seu arredor. Prevalece o minifundio tradicional destinado a unha agricultura fundamentada no autoconsumo que constitúe o paradigma de poboamento e aproveitamento propio do rural galego. A costa, malia as edificacións construídas nos últimos anos, mantén un carácter natural e pouco antropizado. Propóñense dous puntos de observación aproveitando a presenza de dúas atalaias naturais: monte da Insua e O Castelo.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos dispersos a ambas marxes da estrada C-4306, concretamente o tramo comprendido entre O Quinteiro e punta do Castelo, co fin de evitar a aparición dun continuo urbano e un efecto barreira entre os ecosistemas do interior e da fronte costeira, á vez que diminúe a presión antrópica sobre a fronte costeira e as formacións vexetais.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



